



Estratexia de inclusión social de Galicia 2023-2030

Documento preliminar de estrutura e obxectivos da Estratexia para achegas

27 de abril de 2023

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN.....	2
2.	A PROPOSTA PRELIMINAR DE ESTRUCTURA E OBOECTIVOS DA ESTRATEXIA	2
	<i>EIXO 1. PREVIR O RISCO DE POBREZA E DE EXCLUSIÓN SOCIAL</i>	<i>3</i>
	<i>EIXO 2. COMBATER AS SITUACIÓNS DE POBREZA E/OU DE EXCLUSIÓN SOCIAL.....</i>	<i>4</i>
	<i>EIXO 3. LOITAR CONTRA A EXCLUSIÓN TERRITORIAL E PROMOVER UN TERRITORIO RURAL INCLUSIVO</i>	<i>6</i>
	<i>EIXO 4. PROMOVER A MELLORA DOS SERVIZOS SOCIAIS DE INCLUSIÓN</i>	<i>6</i>
	<i>EIXO TRANSVERSAL</i>	<i>6</i>
3.	CADERNO DE TRABALLO: PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN E PROPOSTAS	7

1. Introducción

A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Inclusión Social, está a preparar unha nova **Estratexia de inclusión social de Galicia 2023-2030**. Con esta Estratexia desde o goberno da Xunta aspiramos a dar resposta aos retos e necesidades no marco das políticas de inclusión social. Queremos responder a un novo contexto cun enfoque no que damos continuidade ás liñas de traballo actuais toda vez que nos orientamos a axustes sobre estas ou á introdución doutras novas, tendo en conta que é un momento no que debemos priorizar e enfocarnos para seguir as tendencias europeas e abordar os desafíos recentes e futuros.

A nosa intención é que a Estratexia marque a **diferencia do que queremos e podemos facer nos vindeiros anos**. Partimos da Estratexia 2014-2020 pero queremos aportar un **valor engadido**: qué temos que reforzar, cambiar ou introducir novo para acadar os obxectivos que nos definamos.


Para iso ábrese un proceso de deseño da Estratexia que ten como punto de chegada a aprobación do texto a mediados de 2023.

Neste proceso temos organizados dous grupos de traballo e neste momento abrimos unha **consulta pública para que concellos, entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais e outros axentes que traballan a favor da inclusión social en Galicia realicen as súas achegas ata o 23 de maio de 2023 remitíndoas ao correo electrónico sxinclusion.dxis@xunta.gal**

Esta consulta versa sobre a proposta preliminar de estrutura e obxectivos da Estratexia, sobre a que se está a traballar nestes momentos e, polo tanto, está suxeita a variacións.


2.A proposta preliminar de estrutura e obxectivos da Estratexia

De maneira preliminar propónse a seguinte estrutura:



A Estratexia aséntase na [Recomendación del Consejo de 30 de enero de 2023 sobre una renta mínima adecuada que procure la inclusión activa](#), que reafirma a necesidade de seguir o enfoque da inclusión activa, sen menos cabo de considerar a activación inclusiva e a participación das persoas máis vulnerables que non poden acceder ao mercado laboral.

Os eixos estratéxicos que se propoñen son os seguintes:



A continuación, faise unha proposta do enfoque e obxectivos dentro de cada eixo:

EIXO 1. PREVIR O RISCO DE POBREZA E DE EXCLUSIÓN SOCIAL

Previr os riscos en termos de pobreza e exclusión social na Comunidade autónoma, a nivel provincial e local, sobre a base de estratexias inclusivas e participativas nos ámbitos centrais da vida que promoven o benestar individual, familiar e comunitario.

O que se traduce na seguinte proposta de obxectivos:

1. Reducir a soidade non desexada

2. Evitar e promover a atención temperá de situacións de especial vulnerabilidade residencial

- Atención ao risco de desafiuzamento
- Promoción do acceso á vivenda a persoas con baixos ingresos
- Loita contra toda discriminación no acceso á vivenda e promover a convivencia e integración veciñal e na comunidade

3. Previr os riscos en termos de pobreza e exclusión social asociados a perfís vulnerables:

- Promover o factor protector do emprego e protexer ás persoas traballadoras máis vulnerables

- b. Atender o risco derivado dos procesos de desinstitucionalización (menores tuteladas pola Xunta de Galicia antes e despois de acadar a súa maioría de idade, persoas reclusas, etc.)

4. Promover o benestar infantil mediante fórmulas integradas e centradas na infancia e nas familias con fillos/as

EIXO 2. COMBATER AS SITUACIÓNS DE POBREZA E/OU DE EXCLUSIÓN SOCIAL

Reducir a pobreza e a exclusión social en Galicia, especialmente a infantil, desde un enfoque de dereitos, de inclusión activa e activación inclusiva e poñendo o foco nos perfís máis vulnerables

1. Garantir uns ingresos mínimos vinculados á activación social e/ou laboral

- a. Promoción da activación inclusiva
- b. Mellora da eficacia e actualización dos recursos económicos de apoio á necesidade social

2. Promover a empregabilidade, a inserción e permanencia laboral nun mercado de traballo inclusivo

- a. Desenvolvemento de estratexias destinadas á cualificación para o emprego e aprendizaxe permanente
 - *Promoción da orientación sobre os recursos educativos e a formación a lo longo da vida*
- b. Impulso da coordinación e acción conxunta entre servizos sociais e de emprego
- c. Adecuación as políticas activas de emprego ás necesidades das persoas vulnerables e, especialmente, das persoas en desemprego prolongado e ás mulleres
- d. Fomento da economía social e apoio aos recursos do mercado de traballo protexido
- e. Potenciación da colaboración da iniciativa privada nos obxectivos de inserción das persoas con dificultades de acceso ao emprego

3. Asegurar a protección e o exercicio de dereitos sociais e o acceso a servizos públicos de calidade

3.1. Fomentar a Inclusión residencial

- a. Deseño e desenvolvemento de políticas de atención ao senfogarismo
- b. Promoción e apoio de procesos de erradicación do chabolismo e infravivenda

- 3.2. Promover o acceso á educación e formación, o éxito e permanencia escolar e o aumento dos niveis de competencias
 - a. Reforzo da escolarización e atención temperá
 - b. Apoio da integración e convivencia nos centros educativos
 - c. Incremento da asistencia, permanencia e rendemento na escola
- 3.3. Favorecer a inclusión social a través da atención e coidado da saúde
 - a. Promoción e apoio á incorporación de hábitos de vida saudables e prevención de enfermidades
 - b. Potenciar a atención da saúde mental nas persoas vulnerables e promover a atención sociosanitaria das persoas con enfermidade mental crónica
 - c. Apoio aos procesos de rehabilitación e reinserción social e laboral das persoas con trastornos aditivos
- 3.4. Abordar a pobreza enerxética
 - *Promoción da eficiencia e aforro enerxético*
 - *Apoio aos fogares vulnerables no mantemento de subministro enerxético das súas vivendas*
- 3.5. Asegurar a inclusión dixital das persoas e grupos vulnerables

4. Loitar contra a pobreza infantil

5. **Responder ás necesidades específicas derivadas de factores de vulnerabilidade concretos e á interseccionalidade: persoas maiores en desarraigo e abandono familiar, persoas emigrantes retornadas, persoas inmigrantes, poboación xitana, persoas en reclusión ou exreclusas, monoparentalidade/monomarentalidade, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas con discapacidade e problemas de saúde mental.**
 - a. Incrementar os apoios ás persoas maiores en desarraigo e abandono familiar
 - b. Reducir a vulnerabilidade das persoas inmigrantes e solicitantes de asilo
 - c. Promover a inclusión e participación social plena da poboación xitana residente en Galicia
 - d. Atender as necesidades específicas que presentan as familias monomarentais/ monoparentais
 - e. Promover a inclusión social e laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero
 - f. Apoiar os procesos de reinserción sociolaboral das persoas reclusas e exreclusas
 - g. Habilitar recursos de apoio para fomentar a inclusión social das persoas con discapacidade e das persoas con enfermidade mental

6. Promover o desenvolvemento e intervención na dimensión comunitaria

- *Promover a organización e dinamización comunitaria*
- *Desenvolver programas de intervención social en áreas degradadas ou con alta concorrencia de factores de exclusión na súa poboación*
- *Aumentar a participación e convivencia social*

EIXO 3. LOITAR CONTRA A EXCLUSIÓN TERRITORIAL E PROMOVER UN TERRITORIO RURAL INCLUSIVO

Promover a inclusión territorial rural E urbana en Galicia, a través del fortalecimiento de diferentes servizos comunitarios e a xeración de oportunidades

- 1. Mellorar o acceso aos recursos comunitarios de carácter específico das persoas que residen en áreas afectadas polos impactos da crise demográfica**
- 2. Promover a dinamización económica e as oportunidades laborais nas áreas rurais en declive demográfico**

EIXO 4. PROMOVER A MELLORA DOS SERVIZOS SOCIAIS DE INCLUSIÓN

Acadar uns servizos sociais de inclusión social máis eficaces, innovadores e eficientes

- 1. Impulsar a innovación social e xestión do coñecemento asociado á inclusión social**
- 2. Reforzar o terceiro sector prestador de servizos sociais de Galicia**
- 3. Promover o desenvolvemento e actualizar o marco normativo de referencia dos servizos sociais de inclusión**
- 4. Mellorar e asegurar a coordinación interadministrativa e con outros axentes que operan no territorio a favor da inclusión social**

EIXO TRANSVERSAL

Crear marcos normativos sólidos na Comunidade autónoma, a nivel provincial e local, sobre a base de estratexias de desenvolvemento en favor das persoas en situación de pobreza que teña en conta unha análise interseccional, a fin de apoiar a inversión acelerada en medidas para previr e erradicar a pobreza e toda forma de exclusión social

1. Implantar a perspectiva interseccional na abordaxe da pobreza e a exclusión social tendo en conta distintos factores: xénero, idade, territorio, discapacidades, identidade étnica, etc.
2. Potenciar a diversidade cultural e interculturalidade nos ámbitos esenciais da inclusión social

3. Caderno de traballo: Preguntas para a reflexión e propostas

No que respecta aos eixos

1. Estás de acordo cos eixos propostos ou modificarías ou engadirías algún?

Eixo a engadir ou modificar

No relativo aos obxectivos

2. Estás de acordo cos obxectivos estratéxicos propostos ou modificarías ou engadirías algún en cada un dos eixos?

EIXO	Obxectivo/ s a modificar ou engadir
EIXO 1. PREVIR O RISCO DE POBREZA E DE EXCLUSIÓN SOCIAL	
EIXO 2. COMBATER AS SITUACIÓNS DE POBREZA E/OU DE EXCLUSIÓN SOCIAL	
EIXO 3. LOITAR CONTRA A EXCLUSIÓN TERRITORIAL E PROMOVER UN TERRITORIO RURAL INCLUSIVO	

EIXO	Obxectivo/ s a modificar ou engadir
EIXO 4. PROMOVER A MELLORA DOS SERVIZOS SOCIAIS DE INCLUSIÓN	
EIXO TRANSVERSAL	

No relativo ás liñas de actuación

No marco dos obxectivos propostos, propónse reflexionar sobre algunhas liñas de acción prioritarias que poderán ser compartidas.

EIXO	Liñas de acción prioritarias
EIXO 1. PREVIR O RISCO DE POBREZA E DE EXCLUSIÓN SOCIAL	
EIXO 2. COMBATER AS SITUACIÓNS DE POBREZA E/OU DE EXCLUSIÓN SOCIAL	
EIXO 3. LOITAR CONTRA A EXCLUSIÓN TERRITORIAL E PROMOVER UN TERRITORIO RURAL INCLUSIVO	
EIXO 4. PROMOVER A MELLORA DOS SERVIZOS SOCIAIS DE INCLUSIÓN	
EIXO TRANSVERSAL	